



**MISA CON NENOS**  
**5 de maio del 2024**  
**Domingo 6º de Pascua-B**  
**Xornada do enfermo**  
**Xoán 4, 7-10:**  
**"Isto vos mando:**  
***Que vos amedes uns a outros".***

**Mensaxe:** Camiñar permanecendo no teu amor



### 1. ACOLLIDA

Benvidos irmáns e irmás á celebración do domingo, o día en que Cristo resucitou. As lecturas deste domingo 6º de Pascua dinnos algo importante: "Deus é amor", "Sodes os meus amigos", "Amádevos, pois uns a otros". Nesta Xornada que a Igrexa dedica ao Enfermo lembremos o amor que Deus nos ten, pero sobre todo o amor preferente polos pobres e polos que necesitan do seu consolo.

**SACERDOTE:** *-No nome... Xesús que nos convida a vivir a permanecer no seu amor amando a todos, está convosco.*

### 2. PETICIÓN DE PERDÓN ou ASPERSIÓN

*Deus é amor, coñece as nosas debilidades, pedímoslle perdón.*

Deus Amor, que non fas distincións entre as persoas e acolles a todos.

Señor, ten piedade de nós.

Deus Amor, que nos chamaches e nos destinaches a que amemos e respectemos a todos. Cristo, ten piedade de nós .

Deus Amor, que nos dás a Xesús que entrega a vida por todos e que, Resucitado, é a nosa esperanza. Señor, ten piedade de nós.

*(En vez do momento de perdón pódese realizar a aspersión):*

**ASPERSIÓN:** No gozo destes domingos de Pascua, renovemos agora, coa aspersión da auga, a nosa fe en Xesús, a nosa fe bautismal.

*(Aspersión) –Que Deus todopoderoso nos purifique do pecado e, pola celebración desta eucaristía nos faga dignos de participar do banquete do seu reino. Amén.*



### 3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Pedro, movido polo Espírito decide acoller na comunidade a xente distinta, diferente a eles, porque Deus non fai distincións. A carta de Xoán pídenos que nos amemos uns a outros. E no evanxeo, Xesús lémbraños o

seu mandamento: que nos amemos uns a outros para permanecer no seu amor.

#### 4. PETICIÓNES

*No nome de Xesús pedimos ao Pai que escoite e acolla a oración que lle diriximos neste momento, dicindo: -Acende en nós o teu amor.*

1. Polos que formamos a Igrexa, para que repartamos o amor de Deus a mancheas en xestos de servizo e entrega, construíndo un mundo máis xusto. **Oremos.**
- 2.- Polos pobres, polos que se senten desprezados ou excluídos, para que con feitos fraternos lles fagamos chegar a mensaxe de amor de Xesús. **Oremos.**
- 3.- Por todos os que participamos nesta Eucaristía, para que seguindo o mandato de Cristo nos respectemos e amemos uns a outros como el nos amou. **Oremos.**
- 4.- Por todos os enfermos, para que a ninguén lle falte o acompañamento e a parroquia se faga presente na dor. **Oremos.**
- 5.- Polas persoas que coidan os enfermos ou están preto deles, para que sexan capaces de mostrar o rostro de Xesús e amar os que sufren como el o fixo. **Oremos.**
6. Polos que comezamos este bonito mes de maio para que recemos todos os días á nosa Nai, a Virxe, agradecéndolle o seu amor e o seu coidado cotián. **Oremos.**
7. Por todas as nais, que teñen moito de anxo e moito de Deus, para que a Nai do ceo as coide e premie todos os seus desvelos. **Oremos.**



#### 5. OFRENDAS

**TELÉFONO MÓVIL:** Pai, mostramos este móvil que tanto utilizamos e que nos mantén en contacto cos nosos, porque queremos estar dispoñibles para amar e servir en todo momento.

**CANDEAS:** Achegamos ao altar as candeadas que nos dan luz para descubrir que ti nos amaches primeiro, e que ese amor está vivo en cada un de nós.

**UNHAS FLORES:** Nesta xornada dos enfermos ofrecémosche estas flores, que significa o coidado agarimoso que queremos ter con todos os enfermos, cos anciáns e cos nenos.

**PAN E VIÑO:** Ofrecémosche o pan e o viño, que en poucos minutos serán Amor con maiúscula, repartido en alimento divino aos homes e mulleres do mundo.